Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 133. Febreiro 2017. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto CCA Melide ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

Melide recupera o Salón da Voda, que se celebrará o 11 e 12 de marzo

As campás de voda soan de novo en Melide para anunciar a volta do salón nupcial, que despois de tres anos de ausencia volverá ser unha realidade a segunda fin de semana de marzo. A vila recuperará así un dos eventos de promoción e dinamización comercial máis importantes que se ten realizado nos últimos anos. Máis de medio cento de negocios confirmaron xa a súa participación no salón, que este ano durará dous días. P3

Melide volverá este ano aos mapas das credenciais

A Oficina do peregrino admite que cometeu un erro ao omitir o nome da vila e asegura que volverá figurar na remesa que se imprima á volta de dous meses. P11

A segunda idade de ouro do Campamento da Ciadella

Un equipo de arqueólogos traballa dende hai varias semanas neste xacemento romano do Concello de Sobrado co obxectivo de reconstruílo parcialmente. P13

EMPRESA

O polígono da Madanela oferta solo industrial bonificado ao 30% P10

MELIDE

Vázquez Pintor presenta ante os escolares da vila o seu novo libro P11

COMARCA

Sobrado pide que se cambie o pintado da AC-231 no casco urbano P12

ENTREVISTA

Rubén Pacior, Petelar P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

27 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com

Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Tres días sen luz (e os que quedan)

Estabamos avisados pero aínda así o temporal que estreou o inverno de Galicia a principios deste mes de febreiro deixou máis danos dos agardados: 133 colexios afectados, 39 portos e 30 centros de saúde segundo o balance da Xunta. Uns 5 millóns de euros no que a patrimonio público se refire. Falta agora por saber ata onde chegou a desfeita no patrimonio privado.

Probablemente non chegaremos a poñerlle unha cifra, pero de igual xeito poderemos dicir que estivemos ao bordo da catástrofe, sobre todo se pensamos nos miles de núcleos de poboación (parroquias enteiras) que estiveron ata tres días sen subministro eléctrico. Quen o viviu, entre os que se contan moitos veciños e veciñas da Terra de Melide, sabe o que iso significa.

Con toda a comprensión ante o caos que pode supoñer unha situación excepcional como foi este temporal (algo por outra banda relativamente habitual nun territorio coma Galicia, porta de entrada de todas as borrascas atlánticas), podemos asegurar que algo falla coas compañías eléctricas. Enténdese que haxa cortes puntuais no subministro. Non se entende que miles de galegos estean sen luz tres días seguidos. Nin se entende nin se debe tolerar. Debemos ir máis alá da queixa e, unha vez se asuman responsabilidades e sexan compensados os clientes, esixir a prestación dun servizo de calidade. Por algo pagamos a enerxía a prezo de ouro a pesar de ter diante da porta os recursos que a producen. Tamén Visantoña, a cuxos pés dorme o embalse de Portodemouros, estivo tres días sen luz.

Non abonda con abrir expedientes nin con crear comisións de investigación, medidas todas elas que dan moi boa imaxe duns políticos que en realidade non se atreven a coller o touro polos cornos e que dan o paso adiante máis ca nada para calmar o ánimo de quen leva tres días funcionando a base de xerador de corrente (no mellor dos casos) ou de quen acaba de tirar todo o que tiña no conxelador. Fai que fai mentres non lles pasa o xenio. Son eses expedientes e comisións que ocupan titulares nos días do caos e dos que nunca se sabe o resultado. Medidas de cara á galería sen utilidade nin consecuencias prácticas.

Para que non volva pasar o mesmo cómpren sancións económicas exemplarizantes por vulneración na prestación dun servizo de primeira necesidade. Claro que, para iso, primeiro as eléctricas teñen que deixar de ser intocables e nós os seus reféns. Verémolo se cadra cando non se senten tantos políticos nos seus consellos de administración.

Tribuna de opinión

Co tempo en contra

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Hai pouco tempo soubemos polos medios de comunicación que a empresa Stac, participada polo grupo multinacional galego Cortizo, líder no mercado de aluminio, estivo buscando terreos en Arzúa e Melide para instalarse na zona e fabricar accesorios e todo tipo de ferraxes. Finalmente localizará a súa produción en Ponferrada.

Non quere isto dicir que o parque empresarial da Madanela non estivese á altura das súas expectativas, pois cando unha compañía toma unha decisión de calado como é a ubicación dunha nova factoría, son moitos os factores a ter en conta. Non obstante, resulta inevitable facer unha reflexión ao respecto e pensar que temos un polígono con limitacións: a principal de todas elas a día de hoxe é a imposibilidade de ampliala.

Tendo en conta que nos últimos anos se venderon varias parcelas e que cada vez é menor a superficie dispoñible, chegará un momento no que non dea máis de si. Imos cara ao estancamento e iso é un luxo que non nos podemos permitir. Á volta de dous ou tres anos a autovía entrará en funcionamento e debemos ter un polígono preparado para recibir investimentos e xerar postos de traballo. Se queremos conseguilo xa imos moi xustos de tempo. A Rede Natura dificulta a ampliación pero non a fai inalcanzable. Hai que espabilar.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Alba Freire, Vanesa Martínez, Xosé Núñez, Iria Buxán
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Laura Díaz
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....5
-MELIDE.....11
-COMARCA.....12
-CULTURA E LECER.....19
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

Volve a Melide o Salón da Voda coas últimas tendencias do sector nupcial

Máis de 50 negocios teñen xa confirmada a súa participación

Modelos participantes no desfile do II Salón da Voda, celebrado en marzo de 2013

As campás de voda soan de novo en Melide para anunciar a volta do salón nupcial, que despois de tres anos de ausencia volverá ser unha realidade a fin de semana do 11 e 12 de marzo. A vila recuperará así un dos eventos de promoción e dinamización comercial máis importantes que se ten realizado nos últimos anos.

O motivo que explica o regreso do Salón da Voda melidense non é outro ca o interese reiterado que amosaron diferentes empresas do sector nupcial (maiormente de fóra da comarca) dende que se clausurou a terceira e última edición, en marzo de 2014, por participar nel e empregalo como plataforma para dar a coñecer os seus negocios. Foi así que o Concello de Melide se decidiu a relanzar a iniciativa.

Algúns cambios

O Salón da Voda regresa pero non exactamente coa mesma fórmula das tres anteriores edicións, celebradas respectivamente en 2012, 2013 e 2014 baixo o lema *Casa comigo en Melide*. Este ano pasa a ser *Casa con nós*, aínda que ese non é o cambio máis significativo, senón o feito de que tanto Asetem como o Concello xogarán un papel secundario, colaborando e apoiando loxisticamente á organización, que recaerá en Frida Kiwi, unha empresa especializada en eventos nupciais.

Da man deste cambio vai outra das principais novidades desta edición, como será a presenza de empresas de fóra de Melide. De feito, dos máis de 50 negocios que xa teñen confirmada a súa asistencia, só 10 teñen a súa sede na vila. A Coruña, Santiago, Betanzos, Ordes, Touro, Bertarmiráns ou Arzúa son algúns dos lugares de procedencia do resto de empresas.

O Pazo de Congresos repetirá como escenario do evento, que pasará a celebrarse durante dous días. O sábado 11 poderá visitarse de 11:00 a 15:00 pola mañá e de 16:30 a 20:30 pola tarde. O domingo terá idéntico horario pola mañá pero cambiará pola tarde; de 16:00 a 19:00.

Oferta completa

O que non cambiará será a variedade de oferta do salón da voda, no que os asistentes atoparán todo o que precisan para organizar un casamento. Haberá representación dos sectores da moda para noiva, noivo e invitados, perruquería, florería, fotografía e vídeo, hostalería e restauración, xoiería, animación musical e infantil, coches clásicos e autocares, axencias de viaxe, deseño gráfico e impresión, organizadores e oficiantes de vodas, iluminación e carpas.

As novidades que vaian xurdindo ata a celebración do evento poderán seguirse en www.salondevoda.com.

Mercamelide consolídase tamén como escaparate de promoción

Pódese dicir que un evento ten boa saúde cando co paso do tempo, lonxe de estancarse, segue medrando e renovándose. Neste sentido o Mercamelide demostrou na súa ultima edición, celebrada os días 4 e 5 de febreiro, que goza de plena vitalidade, pois ademais de seguir sendo fiel á súa esencia orixinal como feira de saldos comeza a consolidarse tamén como espazo de promoción e/ou presentación de novas empresas e negocios.

Exemplo diso foi a presenza este ano no Mercamelide dunha nova compañía de telefonía móbil e internet que comezou a operar na vila (Juifi) e tamén dunha empresa enerxética que se instalará en breve en Melide (Medancli). Ámbalas dúas confiaron na feira como escaparate para darse a coñecer, ao igual ca o fixo o sector da automoción, que participou por primeira vez o ano pasado e que xa está plenamente integrado na feira. Ademais da venda de coches de ocasión, o evento tamén serve para presentar os últimos modelos que van chegando aos concesionarios.

Pero non foron estas as únicas novidades da 17ª edición do Mercamelide, á que se incorporaron catro novos negocios que nunca antes participaran: Angarela, Ferretería Noguerol, Diva-Pro e Pequeniños. Isto supuxo tamén a presenza de novos sectores, como o da estética e a perruquería, e a recuperación do zapato infantil, desaparecido das últimas edicións.

Bo nivel de vendas

Pero non só de novidades vive o Mercamelide. A asistencia de público e as vendas son factores determinantes. Neste aspecto a derradeira edición foi "boa a nivel global", segundo indican dende Asetem, entidade que colabora na organización da feira.

Corrobórano a maioría de comerciantes, que aseguran que sábado foi unha xornada de boas vendas a pesar de coincidir cun día de intensas precipitacións e de ser ademais a xornada posterior ao temporal de vento que deixou moitos fogares da comarca sen luz. Tamén o propio Pazo de Congresos estivo preto de dúas horas sen subministro pola tarde, algo que prexudicou aos comerciantes, pois provocou que a clientela marchase. Sobre o domingo coinciden a maioría en que foi un día "de moita xente, moito paseo e menos carteira".

Entrega de premios do sorteo realizado na xornada do domingo

Ferretería Noguerol, unha das novas incorporación deste ano

CASA CON NÓS

SALÓN DE VODAS NO CORAZÓN DE GALICIA



11 E 12 DE MARZO 2017

MELIDE

ENTRADA DE BALDE

+INFO EN SALONDEVODA.COM

ORGANIZA:

CONCELLO DE MELIDE

CCA Melide ASETEM

FridaKiwi WEDDING PLANNER

POR SER DE XUSTIZA

Reclamación extraxudicial das cláusulas solo

Eva Novás
Avogada

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea, na sentencia de 21 de decembro de 2016, determinou que en materia de cláusulas abusivas en contratos con consumidores, a devolución do indebidamente cobrado non se pode limitar no tempo, como así o entendía o noso Tribunal Supremo, que permitía as reclamacións só dende o ano 2013 en diante. Afortunadamente, o Tribunal europeo declarou que se unha cláusula é declarada abusiva, debe restaurarse totalmente a situación, devolvendo ao consumidor á mesma posición na que estaría se esa cláusula non existise.

Sabendo que habería unha avalancha de afectados que reclamarían o que os bancos lles cobraron indebidamente cas cláusulas solo, o Goberno apresurouse a ditar un Decreto para, segundo se dixo, facilitarlles a reclamación extraxudicial destas cantidades. Trátase do Real Decreto Lei 1/2017, de 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de cláusulas solo. E cómpre que todos os posibles afectados o coñezan e se asesoren para acollerse a esta vía e antes de aceptar un acordo cos bancos. O Decreto é bastante criticable en canto ás facilidades que lles concede a estes fronte aos prexudicados e, de feito, non haberá un organismo encargado de comprobar que a solución que se alcance non sexa de novo abusiva. Bótanse de menos medidas de protección íntegra e efectiva do consumidor, que é a parte débil.

Tamén hai que saber que son medidas adicionais, voluntarias e gratuítas, e que en ningún caso acollerse á vía do Decreto supón renunciar a unha posterior reclamación xudicial. Iso si, non se poderá acudir ao xulgado en tanto non finalice o procedemento "amistoso" co banco. Se o litixio xa estivese iniciado, suspenderíase mentres non remate a vía extraxudicial. Poderán acollerse a este sistema os consumidores, persoas físicas. En principio deixa fora aos autónomos ou PEMES que, por exemplo, mediante un préstamo ou crédito adquiriron un local para a súa actividade. O Decreto establece que os bancos deberán garantir que o sistema de reclamación sexa coñecido por todos os consumidores que tivesen unha cláusula solo no seu préstamo hipotecario, habilitando no prazo dun mes nas oficinas e nas súas webs un departamento especializado encargado destas reclamacións. Pero é evidente, xa que os prazos son limitados e breves, que non será así, senón que deberá ser o propio afectado quen formule unha reclamación ao banco.

Recibida a reclamación, o banco deberá realizar un cálculo da cantidade a devolver e contestarlle ao consumidor detallándolle ese cálculo, a cantidade e os intereses. O prazo máximo para alcanzar un acordo e que se poña a disposición do afectado a cantidade a devolver será de tres meses desde a reclamación. Pero, ollo: isto se o banco considera que procede a devolución. Porque, de non ser así, o Decreto permítelle ás entidades rexeitar a solicitude expresamente sen máis cálculo. Tamén se entenderá que se finalizou sen acordo se pasan os tres meses sen resposta da entidade ou se nese tempo non se puxo a disposición do consumidor a cantidade ofrecida; o que finalmente o obrigaría a acudir a un procedemento xudicial.

De alcanzarse un acordo sobre a cantidade a devolver, cómpre saber que o banco, mediante unha nova valoración, podería ofrecerlle ao consumidor unha medida compensatoria distinta á devolución do efectivo, concedéndolle un prazo de quince días para que manifeste se a acepta ou non. Polo que, de novo, existe o risco de que o consumidor acepte algo que non o beneficie ou o resarza plenamente para o caso de que non actúe debidamente asesorado.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

COMO RECLAMAR AXUDAS POLOS CORTES DE LUZ DO TEMPORAL

O primeiro temporal deste inverno tivo como principal consecuencia a interrupción do subministro eléctrico en boa parte de Galicia. Ata 500.000 usuarios estiveron sen luz nalgún momento. Nalgunhas zonas, como é o caso de moitas parroquias da Terra de Melide, os consumidores estiveron máis de 48 horas sen servizo.

Restablecido o subministro, os usuarios poden reclamar ante as compañías eléctricas polo tempo que estiveron sen luz, así como polos prexuízos que lles puideran ocasionar ditas interrupcións no seu fogar. Existen diferentes supostos e diferentes vías. Sobre todas elas poden informarse os interesados a través da web do Instituto Galego de Consumo ou do número de teléfono gratuíto 900 231 123.

Contactar coa compañía

Os usuarios poden dirixirse á comercializadora e presentar a correspondente reclamación ante o servizo de atención ao cliente da compañía. Poderase facer por vía telefónica ou presentando a folla de reclamación nunha oficina. En caso de elixir a primeira das opcións, hai que recordar solicitar sempre o número de incidencia. Segundo establece a normativa galega, a compañía eléctrica dispón dun prazo máximo dun mes para dar resposta á reclamación de calquera consumidor. Outra das opcións é acudir a unha asociación de consumidores, que poderá tramitar a reclamación en nome do usuario.

Instituto Galego de Consumo

Se unha vez presentada a reclamación ante a compañía e transcorrido un mes non se recibiu resposta o esta foi desfavorable, pódese acudir ao Instituto Galego de Consumo, con sede en Santiago, que actuará de mediador entre o usuario e a empresa.

A controversia tamén se pode resolver a través do Sistema Arbitral de Consumo; un procedemento voluntario e gratuíto para ámbalas dúas partes mediante o cal un órgano de arbitraxe emite unha resolución sobre a controversia existente. A resolución é vinculante e deberá ser acatada polas dúas partes. Actualmente atópanse adheridas á arbitraxe de consumo as compañía eléctricas do grupo Gas Natural Fenosa e as compañías Iberdrola Comercialización de Último Recurso e Iberdrola Clientes S.A.U.

Dirección General de Energía

Un dos últimos recursos para reclamar é dirixirse á Dirección General de Energía, que dispón dun servizo de atención aos consumidores. No caso de que non sexa competente para tramitar a reclamación ou queixa en cuestión, dará traslado da mesma ao órgano competente e informará diso tanto ao consumidor como á empresa reclamada. Tamén se pode recorrer á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, integrada dentro da Consellería de Economía e Industria.

FISCAL E LABORAL

MEDIDAS URXENTES DE PROTECIÓN DOS CONSUMIDORES EN MATERIA DE CLÁUSULAS SOLO (RDL 1/2017, 20 de xaneiro (BOE 21-01-2017). Entrada en Vigor: 21-01- 2017)

PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN PREVIA

No prazo de 1 mes (ata o 20/02/2017), as entidades de crédito deberán implantar un sistema de reclamación previa á demanda xudicial, que será voluntario para o consumidor; garantindo que este sistema de reclamación sexa coñecido por todos os consumidores con cláusula solo no seu préstamo hipotecario. Recibida a reclamación, a entidade de crédito deberá efectuar un cálculo desglosado da cantidade a devolver, ou no caso de que considere que a devolución non é procedente explicar as razóns que motivan tal decisión; e deberá comunicalo ao consumidor.

O prazo máximo para que consumidor e entidade cheguen a un acordo e se poña a disposición do consumidor a cantidade a devolver será de 3 meses dende a presentación da reclamación.

O procedemento de reclamación extraxudicial será gratuíto e debe partir do consumidor.

TRATAMENTO FISCAL NO IRPF

Cando tales cantidades, en exercicios anteriores, formaran parte da dedución por inversión en vivenda habitual, perderase o dereito a practicarse. Deberanse sumar á cota líquida estatal e autonómica do exercicio no que se celebre o acordo coa entidade financeira, as cantidades indebidamente deducidas nos exercicios non prescritos, sen inclusión de intereses de demora.

Isto non resultará de aplicación respecto das cantidades que se destinen directamente pola entidade financeira, co acordo do contribuínte, a minorar o principal do préstamo.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

A cláusula solo é unha limitación á baixada do tipo de interese que se aplica nos créditos hipotecarios variables. É dicir, nos préstamos variables establécese como tipo de interese o EURIBOR + un diferencial, pero ás veces (non sempre), limítase a baixada dicindo que nunca pode baixar dunha porcentaxe.

A partir de marzo do 2009, cando o euríbor pasou a estar por baixo do 1%, a porcentaxe a aplicar nas hipotecas foi en algúns casos o do límite e non o que realmente tocaría pagar pola formula EURIBOR + DIFERENCIAL. O que neste momento teñen que devolver as entidades bancarias é a diferenza entre o que aplicaron os bancos con ese límite e o que realmente terían que aplicar de non existir.

Por exemplo, unha hipoteca que teña EURIBOR + 1% pero con cláusula solo do 2,5%, cando o EURIBOR sexa do 0,50 % o tipo de interese que tocaría pagar sería 0,50% + 1%= 1,50%, pero por aplicación da cláusula solo aplicaríase o 2,5%.

Neste caso o banco tería que devolver 1,50% - 2,5% = 1% durante todo o período que aplicase este tipo de interese. Se o tipo de interese calculado (EURIBOR + DIFERENCIAL) é superior a cláusula solo, non procede devolver nada.

LEI 2/2017 MEDIDAS FISCAIS, ADMINISTRATIVAS E DE ORDENACIÓN (DOGA 28 DO 9/2/2017)

Aprobase unha dedución do 100% no imposto de Transmisións Patrimoniais Onerosas e no de Actos Xurídicos Documentados para discapacitados, familias numerosas e menores de 36 anos que adquiran unha vivenda habitual nalgunha das parroquias consideradas zonas pouco poboadas ou áreas rurais. Esta dedución é aplicable tanto á compra da vivenda como á constitución de préstamos hipotecarios para a adquisición da vivenda habitual.

O 10 de febreiro de 2017 apróbase no DOGA nº 29 as parroquias que se consideran zonas pouco poboadas ou áreas rurais, e na comarca de Melide quedarían sen cumprir os requisitos as vivendas do núcleo urbano de Melide e a parroquia de Castro (Santo Tomé).

SUBVENCIÓNS

AXUDAS AO FOMENTO DA INCIATIVA EMPRESARIAL ENTRE XOVES EMPRENDEDORES

(Boletín Oficial Da Provincia da Coruña nº 18 DO 26/01/2017)

Beneficiarios: Xoves entre 25 e 35 anos empadroados en municipios da provincia de A Coruña que promovan novas iniciativas empresariais.

- Obrigas: entre outras manter o investimento na actividade como mínimo 2 anos.
- Contía: ata o 50% do gasto en investimento novo realizado no ano 2017 e como máximo 20.000 euros.
- Prazo: ata o 3 de marzo ás 14:00 horas.

PROGRAMA DE INCENTIVOS A CONTRATACIÓN

(Boletín Oficial Da Provincia da Coruña nº 18 DO 26/01/2017)

- Beneficiarios: Pemes e autónomos con domicilio fiscal en calquera municipio da provincia de A Coruña de menos de 20.000 habitantes que contraten a unha persoa desempregada da provincia de A Coruña un período mínimo de 12 meses.
- Contía: ata o 75% dos custes salariais totais da persoa traballadora.
- Prazo: ata o 3 de marzo ás 14:00 horas.

Procedemento: solicitar adhesión ao convenio coa Deputación da Coruña e esperar a resolución, non se pode contratar antes de que a Deputación resolva.

PLAN RENOVE DE FIESTRAS

(DOGA nº 21 DO 31/01/2017)

- Obxecto: Rehabilitación dos ocos acristalados da fachada para mellorar a demanda enerxética dos edificios.
- Contía: ata o 25% do custo total da obra e como máximo 3.000 euros por vivenda.
- Prazo: dende o 1 de marzo e ata o 29 de setembro ou finalización de crédito.
- Solicitudes: Empresas instaladoras das fiestras que consten como entidades colaboradoras.

PROGRAMA DE APOIO AO ACCESO AO FINANCIAMENTO OPERATIVO (ACTIVO CORRENTE) DAS PEMES, AVALADOS POLAS SGR

(DOGA nº 249 DO 30/12/2016)

- Obxecto: facilitar o acceso ao financiamento do activo corrente para as pemes e autónomos galegos.
- Condicións do préstamo:Importe máximo 150.000 euros e mínimo 3.000 euros.
- Prazo: ata 7 anos con 2 anos de carencia.
- Tipo de interese: euríbor máis un diferencial de ata o 3,5%
- Solicitudes: ata o 31/10/2017.

LIÑAS DE APOIO AO ACCESO E ADECUACIÓN DO FINANCIAMENTO DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS

(DOGA nº 249 DO 30/12/2016)

- Obxecto: bonificación de financiamento dirixido ás explotacións leiteiras galegas para adecuar e reforzar a súa estrutura financeira.
- Conta con dúas liñas:
  - ^Liña 1: Refinanciamento de pasivos
  - ^Liña 2: Apoio ao circulante
- Importe: mínimo 3.000 euros.
- Solicitudes: ata o 31/10/2017.

Asetem organiza un curso de benestar animal para gandeiros e transportistas

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) está a organizar un curso formativo sobre benestar animal dirixido aos profesionais relacionados co sector gandeiro: persoal de granxas, centros de concentración e matadoiros, coidadores e transportistas.

Realizarase entre os días 27 de febreiro e 15 de marzo na sede da patronal melidense e terá unha duración de 40 horas. As clases impartiranse de luns a venres de 9 menos cuarto da noite a 11 e cuarto. O curso ten por obxectivo principal formar ao alumnado nos requisitos básicos para garantir a seguridade e o benestar dos animais nas explotacións gandeiras. Recibirán nocións xerais sobre os equipamentos que permiten mellorar as condicións de produción e sobre as prácticas que evitan problemas sanitarios nas granxas.

Por outra banda, tamén se formará aos asistentes sobre o manexo e o transporte de animais vivos. Abordarase o proceso de carga, descarga e condución. Tamén os requisitos a ter en conta para que o transporte dos animais se realice garantindo o seu benestar e a seguridade tanto dos bichos como do profesional. Ademais, explicarase como actuar en caso de emerxencia e falarase en detalle sobre a documentación necesaria para o transporte dos animais.

As persoas interesadas en realizar dito curso deben anotarse nas oficinas de Asetem antes do 16 de febreiro. Tamén poden facelo chamando ao número de teléfono 981 50 61 88. Hai dispoñibles 20 prazas. En caso de que haxa moita demanda, a admisión realizarase por orde de inscrición.

O 1 de marzo abre o prazo de solicitudes do Plan Renove de fiestras

A Consellería de Economía e Industria pon en marcha un ano máis o *Plan Renove de Fiestras* cunha dotación orzamentaria de 1,5 millóns de euros destinados a subvencionar o cambio de ventás en vivendas unifamiliares e edificios.

Poderán solicitar axudas as persoas propietarias de vivendas de uso residencial e tamén as comunidades de veciños, sempre e cando a actuación subvencionable se realice en inmobles sitos en Galicia. Subvencionarase a rehabilitación de ocos acristalados das fachadas, tanto no que se refire ao acristalamento como aos marcos, co obxectivo de mellorar a demanda enerxética do edificio e lograr un aforro significativo en termos económicos.

A contía da axuda ascenderá a un máximo de 100 € por metro cadrado de oco, cuns límites de 3.000 € por vivenda unifamiliar/piso ou edificio de vivendas. Para o caso de comunidades de propietarios, a axuda máxima será de 3.000 € por vivenda unifamiliar/piso, co máximo de 50.000 € por edificio. En calquera caso, a cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25% do custo total da obra.

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará o día 1 de marzo e finalizará o 29 de setembro de 2017, agás que se produza o suposto de esgotamento de crédito. Neste caso informarase do peche adiantado do prazo a través da páxina web da Dirección Xeral de Enerxía e Minas e do Diario Oficial de Galicia.

Asetem entrega os premios da campaña de Nadal

Todo comezo require un remate. A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) púxolle punto e final á campaña de Nadal coa tradicional entrega de premios, que se realizou o 3 de febreiro na sede da patronal coa participación de clientes agraciados e comerciantes. Este ano apareceron todas as rifas premiadas, polo cal non quedou sen dar nin un só céntimo dos 6.000 euros que se sortearon. Os afortunados terán agora de prazo ata o día 18 para gastar os seus premios. Deberán facelo no comercio de Melide, que recibirá deste xeito unha pequena inxección económica nunha época do ano frouxa en canto a vendas.

Mercedes Núñez, de Folgoso (Sobrado) e Romero Zapaterías

Librería Cousas e Laura Bargo, de Melide

Librería Cousas e Lourdes Vázquez, de Vilouriz (Toques)

Viñoteca Ribeirao de Victorio Quintela, de Couso (Sobrado)

Imprenta Meligraf e Virginia, de Melide

Centro Comercial Ares e José Manuel Rodríguez, de Melide

Pilar López, en representación de Santín Amo Perruq., e Isabel Glez.

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

MÓNICA SEGADE PARRADO, "M&M" *(Travesía do Convento, nº 1)*

"Agora en M&M tamén vendemos roupa para comuñóns e bautizos"

- Acaba de incorporar á súa tenda roupa de comuñón e bautizo. Como está sendo a resposta da clientela?

- Mónica Segade (M.S.): De momento está indo ben, vexo que aos clientes lles gusta e os comentarios son moi positivos, pero acabamos de empezar e aínda hai moita xente que non o sabe. De feito, dáse de conta ao ver o escaparate e queda sorprendida. Teño que darme a coñecer e por iso decidín empezar a tempada antes, para que a xente saiba que agora en M&M tamén se poden mercar traxes e vestidos de comuñón e bautizo.

- E vostede como se sente despois de tantos vendendo para adultos?

- M.S.: Estou descubrindo que tamén me gusta traballar con nenos. Cando vin os vestidos na tenda animeime moito, aínda que o día que coloquei o primeiro escaparate púxenme moi nerviosa porque non sabía por onde empezar, nin como colocar. Tiven que facer unha pausa para aclarar as ideas. Con toda a roupa hai que ser moi coidadosa pero a comuñón esixe exquisitez. Quero ir pouco a pouco e o que faga, facelo ben. Quero traballar con casas que me convenzan, que teñan estilo e calidade, marcando un pouco a diferenza e evitando ir sempre ao clásico.

- Por que decidiu apostar pola roupa de comuñón?

- M.S.: Nesta decisión tivo que ver moito Marisa, da Casa das Luces. A meus irmáns máis a min xa nos vestiu ela para a comuñón; o seu comercio foi sempre unha casa de referencia e cando se xubilou animoume moito a que me metera neste sector porque Melide quedaba un pouco coxo. Díxome que non me ía pesar.

- Está contenta por ter dado o paso?

- M.S.: Si. Decidín dedicarme a isto e vouno facer en corpo e alma. Non é un complemento máis da tenda, é unha parte importante pola que vou apostar. De feito, teño pensado incluír en breve roupa de cerimonia para neno e nena. Incluso se a cousa me vai ben e chega o día no que hai que abrir outra tenda só para comuñón, fareino. Iso si, a roupa de adulto non a deixarei nunca.

- Que está de moda este ano en comuñón e bautizo?

- M.S.: Os vestidos para nenas estanse inspirando moito no século XIX e no romanticismo con teas moi vaporosas e sen nada de brillos, tules, organzas, chantilly... Tamén veñen uns tocados preciosos con flores ou puntillas finas e coroas e diademas moi traballadas. Para nenos van vindo novidades, como unha americana vermella de liño que está gustando moito. Despois están os traxes clásicos de almirante e mariñeiro con variacións nos detalles e toques modernos. En bautizo tanto se leva a roupa de rúa como o típico faldón.

O polígono da Madanela oferta solo industrial bonificado ao 30 por cento

A Xunta de Galicia, a través da empresa pública Xestur, vén de convocar un novo proceso de venda de solo empresarial con bonificacións do 30% e do 50%. No caso do polígono de Melide aplicarase o menor dos descontos sobre unha superficie de 10.971 metros cadrados repartidos en cinco parcelas, que se venderán a 42 € o metro. Idéntico prezo terán as dúas parcelas á venda no parque empresarial de Arzúa, que suman 5.085 metros cadrados.

Plano do parque empresarial de Melide

Vendida · Libre · Reservada · Cedida · Outros

A oferta do polígono melidense é a terceira maior na área de Compostela en canto a superficie bonificada, só por detrás do de Negreira, con 15.585 metros cadrados e 8 parcelas a un prezo de 34,5 € o metro, e o da Sionlla (Santiago), que é o que ten a maior oferta de solo bonificado de Galicia. Comprende unha superficie de 407.343 metros cadrados, divididos en 98 parcelas, a 80,5 € o metro .

Na actualidade, segundo os datos que constan en Xestur, quedan libres no Polígono da Madanela 7 parcelas: 5 da segunda fase, as que saen agora con prezo bonificado a 42 euros o metro, e outras dúas da primeira fase cun prezo de 35,62 euros o metro.

O prazo para presentar as ofertas de adquisición remata o 18 de marzo.

Asetem traballa na organización da segunda pasarela de moda

Desfile de Stardemoda na pasarela de outubro de 2016

Haberá segunda edición da pasarela *"Melide está de moda"*. O éxito da primeira, celebrada en outubro de 2016, deixou bo sabor de boca e interese por darlle continuidade a esta iniciativa. Sobre esa base Asetem traballa xa na organización dun novo desfile, que servirá para presentar as coleccións de primavera-verán do comercio local. A intención da patronal é que a pasarela se celebre o sábado 8 de abril, unha data que pode estar suxeita a cambios xa que nas próximas semanas darán comezo as obras para rematar a Casa da Cultura, escenario escollido para realizar o desfile. Na edición de 2016 participaron 16 tendas e 46 modelos de Melide e comarca.

A Oficina do Peregrino volverá incluír este ano a Melide nas credenciais

Non haberá que agardar a 2018 para ver de novo o nome de Melide nas credenciais para romeiros do Camiño Francés, de cuxo mapa desaparecera xunto con outros cinco concellos sen motivo aparente. A Oficina do Peregrino, organismo encargado da edición desta especie de pasaporte que acompaña a todo camiñante, confirma que nun prazo estimado de dous meses se volverá imprimir outra remesa que incluirá o nome de todas as localidades que foron omitidas.

Ese é o compromiso que os responsables da Oficina do Peregrino lle trasladaron a Asetem, con cuxo presidente, Manuel Vázquez, mantiveron unha conversa por vía telefónica. No transcurso da mesma admitiron ter cometido un erro, que afectaba só ás credenciais do Camiño Francés, e manifestaron a súa vontade de rectificar en canto fose posible. Segundo explicaron, restan por entregar 35.000 exemplares e unha vez que se esgoten, previsiblemente cara a finais do mes de abril, faranse outras novas nas que aparecerá o nome de Melide como viña sucedendo ata o de agora.

Prexuízo económico

A resposta dada pola Oficina do Peregrino obedece ás queixas realizadas previamente por Asetem sobre o asunto. A través dunha misiva, a patronal melidense manifestou o seu malestar e preocupación "polas repercusións que a nivel económico e cultural" podía ter a omisión do nome da vila nas credenciais.

Manuel Vázquez trasladou por escrito a importancia da ruta xacobea como motor de Melide "durante oito meses do ano" e alertou do prexuízo que podía supoñer para moitos negocios da vila non figurar nun documento que se ía repartir a 300.000 peregrinos.

Dúas peregrinas ao seu paso por Santa María

Asetem non foi a única entidade que alzou a voz. Previamente xa o fixera o Concello, que foi quen en primeira instancia se decatou de que faltaba Melide no mapa das credenciais do Camiño Francés. A alcaldesa, Dalia García, que tamén presentou unha reclamación ante a Oficina do Peregrino, cualificou de "pouco entendible" que se decidira "borrar literalmente" a Melide do mapa dun documento que ten "unha difusión transcendental e mundial". Manifestou ademais a súa sorpresa polo feito de que a vila si aparecese reflectida na credencial do Camiño Primitivo.

Tamén a nivel institucional a corporación aprobou por unanimidade unha moción presentada polo PSOE na que se pedía unha rectificación.

A autovía por Melide volve entrar en punto morto

Non colle velocidade a pesar de ser unha autovía. Os trámites da A-54 ao seu paso por Melide están en punto morto e os 28 quilómetros que separan Arzúa e Palas de Rei, proxectados en dous tramos, seguen sen adxudicarse a pesar de que as obras foron licitadas hai máis dun ano, en decembro de 2015. Segundo os prazos recollidos no BOE, as ofertas das construtoras para executar as obras deses dous tramos terían que terse aberto o pasado mes de xuño. No obstante, segundo recoñece o Ministerio de Fomento, dito trámite aínda está pendente e sen data aproximada de resolución.

Vázquez Pintor presenta en Melide *Bicos*, un novo libro de poesía infantil

"Hai setenta anos que estou vivo e ata agora non atopei cousa tan fermosa. Acto coma este nunca me sucedeu". Fondamente emocionado, o escritor Xosé Vázquez Pintor agradeceu así a implicación e o cariño demostrado polo alumnado de 5º e 6º dos tres colexios de Melide durante a visita que realizou o pasado 11 de febreiro á terra que o viu nacer para presentar o seu último libro; *Bicos*, un poemario infantil integrado por 33 composicións acompañadas dos debuxos de 21 ilustradores galegos.

O alumnado con V. Pintor diante da biblioteca que leva o seu nome

O acto celebrouse na Casa da Cultura e foi o primeiro dos organizados pola Biblioteca Pública Municipal neste ano 2017 no que se cumprirán 40 anos da súa creación e 9 dende que leva o nome do propio Xosé Vázquez Pintor. Foi unha mañá chea de emocións e creatividade na que os escolares realizaron críticas literarias teatralizadas de *Bicos*, amosaron traballos plásticos e recitaron poemas do libro que fixeron viaxar a Vázquez Pintor ata aqueles tempos da súa infancia nos que deixaba voar a imaxinación na tenda de albardas da señora Anuncia: "soñaba cousas imposibles e o meu cabalo era calquera cousa. Como corre o tempo! Quero ser sempre coma vós, quen me dera ser outra vez neno", dixo o escritor.

Non faltou a entrega a Vázquez Pintor dunha cesta de doces tradicionais nin dunha póla de buxo especial que o colexio Mestre Pastor Barral lle regalou ao final da presentación. O buxo que tanto el aprecia e que, nesta ocasión, procedía do que el mesmo plantou no ano 2008 preto do cruceiro de San Roque.

FOTO-DENUNCIA

Negra sombra

Á esquerda a cara, á dereita a cruz. Na noticia da esquerda o aprecio, na fotografía da dereita o desprezo, que por moi esaxerada que pareza a palabra é como mellor se pode definir o abandono dos elementos que homenaxean ás persoas sensibles, comprometidas coa cultura, coa terra e coa xente.

Cae a sombra sobre os versos de Xosé Vázquez Pintor, sobre a pedra que no ano 2008 se ergueu a carón da capela de San Roque como agradecemento á contribución deste melidense contador de historias da terra, novelista, poeta e ensaísta.

Cómpre luz ante tanta escuridade. Cómpren "fiestras de luz ben clara", como as da escola velliña que Pintor recorda no poema *O cole*, recollido no seu último libro. Fiestras con luz ben clara para borrar a ignorancia.

Sobrado pídelle á Xunta que cambie o pintado da AC-231 no casco urbano

A reforma desprazou o eixe, eliminou prazas de aparcamento e deixou con liñas continuas zonas onde non as había

Vehículo cometendo unha infracción ao virar. Espazo insuficiente para estacionar na marxe da praza

Hai veces nas que é peor o remedio cá enfermidade. Tal semella pasar co arranxo da estrada AC-231 ao seu paso polo núcleo urbano de Sobrado, en Porta, onde os traballos realizados pola Xunta, titular da vía, non convencen nin a propios nin a estraños. Á marxe da renovación do firme, o principal problema está nos cambios realizados no pintado, que desprazaron o eixe da estrada, eliminaron prazas de aparcamento e crearon liñas continuas onde antes non existían, obrigando a moitos veciños a infrinxir a normativa de circulación para poderen acceder ás súas vivendas.

O caso está xa na administración autonómica, á que a corporación municipal acordou solicitarlle que se restableza o pintado anterior ao arranxo da estrada. A decisión tomouse despois dun debate en sesión plenaria forzado por Todos por Sobrado (TxS), que interpelou directamente ao alcalde: "está satisfeito co arranxo da estrada principal?", preguntou Chus García Souto, "eu penso que deixa moito que desexar e que habería que pedir explicacións".

A voceira de TxS fixo especial fincapé na curva situada á altura da casa consistorial, sobre a que se pintou unha liña continua que teñen que pisar os condutores que veñen dende Teixeiro e queren virar cara ao Concello ou ás vivendas da parte superior. Ou iso ou dar a volta na Praza do Portal. "Estamos a falar dunha cuestión moi grave, porque obriga a moitos veciños a incumprir a lei para acceder ás súas casas".

O rexedor, o socialista Lisardo Santos, que dende o primeiro momento eximiu ao Concello de calquera responsabilidade no pintado, recoñeceu que a estrada "estaba mellor antes" e explicou que a Xunta aduce razóns de seguridade para pintar dita liña continua: "din que así se evita que queden coches parados na curva cando agardan para virar".

Dito argumento non convenceu moito ao outro partido da oposición, o PP, quen considera que "unha estrada que está limitada a 50 non pode ser tan perigosa". Así o manifestou o voceiro dos populares, quen tamén puxo o acento no espazo para o aparcamento: "o arcén do lado da entidade bancaria ten un ancho de 3,5 metros e no lado da praza deixaron 50 centímetros. A xente aparca igual e quédalle medio coche metido na estrada", sinalou Jacobo Fernández, "están provocando que nos multen".

Finalmente os tres grupos políticos acordaron elevar as súas queixas á administración autonómica. "Reclamaremos un cambio no pintado e a ver que pasa", sinalou o alcalde confiando en que desta vez a resposta da Xunta sexa positiva, "xa pedimos no seu día un paso de peóns para as casas baratas e denegárono dicindo que non era seguro".

Serramoura volverá rodar en Sobrado o 14 e 15 de febreiro

A produtora de Serramoura, unha das series con máis éxito da TVG, atopou no concello de Sobrado un plató de rodaxe inmellorable. Un equipo integrado por 40 persoas, entre técnicos e actores, desprazouse ata a carballeira da Casa do Gado na última semana de xaneiro para gravar durante tres días varias escenas dun capítulo. Agora a experiencia repetirase e as cámaras volverán a Sobrado para rodar os días 14 e 15 de febreiro. Nesta ocasión o argumento terá como paisaxe de fondo a contorna de Porta e o seu casco urbano.

Toques dedicará a obras o 54% das achegas do Plan Único da Deputación

O Concello de Toques xa ten claro en que vai gastar os cartos que lle achegará este ano a Deputación a través do Plan Único. As estradas e camiños municipais serán os principais beneficiados, pois segundo se reflicte no reparto de investimentos ao que lle deu luz verde o pleno o pasado 20 de xaneiro, un 54% dos recursos dedicaranse a asfaltados e melloras de vías. Son, en concreto, 225.000 € dun montante total de 417.241.

Do detalle das obras deu conta o alcalde, José Ángel Penas (BNG), quen repartiu os investimentos en tres bloques diferenciados. En primeiro lugar os que se corresponderían co antigamente coñecido como Plan de Obras e Servizos. Son preto de 229.000 euros dos cales 100.000 serán empregados para arranxar o camiño que vai de Eirexe a Puxín. Outros 29.000 destinaranse a actividades culturais e deportivas, envellecemento activo, turismo ou promoción económica e os 70.000 restantes desta partida empregaranse para gasto corrente.

Neste punto a oposición quixo recordar "as tremendas peloteras que montaba o BNG cando estaba na oposición e nós destinabamos a gasto corrente cantidades moi inferiores", puntualizou José Antonio Castro, voceiro do PP, quen non obstante se mostrou a favor do reparto realizado.

O segundo bloque de investimentos, baixo o epígrafe *Achega 2016*, reserva 125.000 euros dun total de 141.000 para obras. Prevense realizar os seguintes traballos: camiño Guillamil-Vilouriz, acceso ao Pazo de Vilouriz e interior, acceso a Cardelle e interior en Saamil.

No que a obras se refire a Deputación obriga e elaborar un plan complementario con traballos que se realizarían en caso de que sobrase diñeiro despois de executar os inicialmente previstos. Neste caso Toques acondicionaría o camiño Rañoa - Carburo, o camiño Castro - Cardelle, o acceso en Piñeiro - Paradela e o camiño Buxán-Fondevila.

Finalmente, dentro do terceiro bloque de investimentos do reparto que Toques fixo do Plan Único, figura unha partida de 47.500 € que o concello empregará para completar a parte que lle corresponde cando recibe subvencións.

O campamento da Ciadella prepárase para ser "recurso turístico e cultural"

O campamento romano da Ciadella, en Sobrado, está a vivir unha segunda idade de ouro. Quizais non tanto como a que viviu cando unha cohorte de 450 soldados procedentes de Mauritania fixo del un cuartel estable, pero si moi valiosa dende o punto de vista da recuperación dun xacemento arqueolóxico "cun valor colosal".

Quen lle atribúe tal cualificativo é Tito Concheiro, un dos arqueólogos integrantes do equipo que, baixo o financiamento da Dirección Xeral de Patrimonio, traballa dende as últimas semanas no proxecto de escavación e consolidación de parte do campamento. Xunto cos seus compañeiros, e nun acto aberto á cidadanía de Sobrado, deron conta o pasado día 9 de febreiro da evolución duns traballos que teñen por obxectivo "poñer en valor o campamento e monumentalizalo". Quere iso dicir que esta primeira fase de escavación culminará en 2018 cunha segunda fase de reconstrución que deixará o xacemento "visitable" e listo para a organización de rutas guiadas.

Recurso cultural e turístico

Nese punto reside a principal diferenza con respecto ao resto de intervencións que se levan feito na Ciadella dende que a na última década do século XIX foran descubertos os primeiros restos de man dun médico e estudoso de Curtis. Dende entón polo xacemento pasou "la crème de la crème da arqueoloxía de Galicia", apunta Tito Concheiro, "pero todos os traballos foron enfocados á investigación e por iso a día de hoxe o xacemento está aí e nin sequera se poden diferenciar facilmente as súas partes".

O proxecto actual, orientado á monumentalización, é máis ambicioso e busca tamén a divulgación: "é importante que o xacemento empece a funcionar como un libro aberto á cidadanía" di Concheiro, disposto a aplicar esta máxima dende o primeiro momento: "temos moi claro que o noso slogan é «aberto por obras» e aínda que esteamos traballando a xente pódenos visitar igual. Atenderémolos e darémoslles explicacións". Nesa liña, creouse un blog e unha páxina de Facebook no que se pode facer un seguimento dos traballos.

A medio prazo Concheiro anima a facer do campamento "un recurso turístico e cultural" para o concello: "a Ciadella teno todo para converterse no boom da arqueoloxía, que Sobrado teña un patrimonio coma este é un milagre e agora hai que aproveitar a oportunidade e ir a máis". Ao respecto o director da escavación engadiu: "o importante é que isto, agora que empezou, non decaia. Hai que xerar demanda".

Sondaxes abertas no sector meridional do campamento

Escavación da muralla e do intervallum no sector oeste

Arranxarán ao completo a cuberta dun claustro do mosteiro de Sobrado

A Deputación da Coruña investirá 62.000 euros na reparación integral da cuberta do claustro de peregrinos do mosteiro de Sobrado. Así o anunciou o propio presidente da institución provincial, Valentín González Formoso, durante a visita que realizou ao concello o pasado 8 de febreiro.

O proxecto consistirá na reparación da cuberta das alas sur, este e oeste do claustro, que presentan un elevado grao de deterioración debido ao paso do tempo e á falta de mantemento e que supoñen ademais un perigo pola posibilidade de desprendemento de tellas nun lugar cunha afluencia constante de visitantes. Estas obras completarán as reformas xa levadas a cabo pola Deputación na ala norte do claustro e suporán a renovación integral da cuberta con tella vermella de cerámica curva, de similares características á existente na actualidade.

O presidente da Deputación, monxes do mosteiro e o alcalde

Por outra banda González Formoso tamén se comprometeu a mellorar no curto prazo a accesibilidade do percorrido turístico que as visitas realizan ao cenobio, co obxectivo de que as persoas con mobilidade reducida ou en cadeiras de rodas poidan realizalo sen problemas. Dito proxecto está xa redactado e agora será enviado a Patrimonio para o seu estudo e avaliación.

O presidente visitou tamén a estrada provincial DP 8001 das Cruces a Penablanca, na que a Deputación investirá 323.000 € para ensanchar a plataforma nos tres primeiros quilómetros da vía. Pasará do ancho actual de 5 metros a 7.

Santiso acolle en marzo charlas sobre internet seguro e igualdade

O mes de marzo chegará a Santiso con moita carga formativa e informativa de man de dúas charlas programadas polo Concello sobre temas de actualidade que afectan por igual a pequenos e maiores.

A primeira delas celebrarase o 7 de marzo no Concello vello e versará sobre Internet seguro e os perigos que pode entrañar navegar pola rede. Será impartida por profesionais especializados do programa Quérote +, un servizo da Xunta de Galicia que traballa no asesoramento á xuventude naquelas áreas nas que se poida facilitar un mellor crecemento persoal.

Malia que a charla está máis orientada para a mocidade, dende o Concello de Santiso insisten na importancia de que asistan os pais e nais para coñeceren como os seus fillos poden navegar de forma segura sen estar expostos a perigos como o acoso, contidos inapropiados ou adicción a xogos.

Ao día seguinte, o 8 de marzo, celebrarase tamén no Concello vello a segunda das charlas, que terá por tema central a muller, as relacións de xénero e a igualdade. Neste caso serán os alumnos do máster de Xénero, Igualdade e Educación da Universidade de Santiago os que poñan ao servizo dos veciños e veciñas de Santiso unha serie de actividades para facer fincapé nas desigualdades sociais que a día de hoxe aínda sofre a muller e para achegar pautas que axuden a erradicalas.

HISTORIAS CON HISTORIA

Xosé Núñez López, escritor

PERSOAS QUE DEIXARON PEGADA EN VISANTOÑA E COMARCA

Chamábase José Casas Pimentel pero era máis coñecido polos alcume de "Don Pepe Casas" ou "O señorito", por ser descendente dos propietarios do Pazo de Vilar de Ferreiros. Tamén lle chamaban "O torero" porque na súa xuven- tude viviu algún tempo en México e alí dedicouse algo ao toureo. Dicíase que un touro lle crebara dúas costelas e que llas puxeran novas de prata.

En relación con esta súa afección toureira quero reproducir aquí a nova que Armando Cascón Rodriguez publicou no seu libro titulado "Arzúa na Memoria", no que de maneira moi concisa e baixo o título de Tarde de Touros en Arzúa 1916, di o seguinte: "na sociedade española, na primeira e segunda década do século XX, comezan a popularizarse os chamados espectáculos de masas. Un dos que tivo maior aceptación foi a Festa Nacional, que se empezou a vivir nas principais cidades galegas e nalgunha vila.

No mes de abril do 1916 Arzúa acolle un deses espectáculos. Dous mozos afeccionados o arte do toureo, Luís Agra González de Arzúa e José Casas Pimentel (descendente directo do Pazo de Vilar de Ferreiros, en Visantoña) serían os auténticos protagonistas do acontecemento, para o cal instalaron unha praza portátil na horta de Sánchez, nas proximidades da rúa da Milagrosa, hoxe propiedade da familia Silva".

Terminadas as aspiracións ao toureo, cando Xosé Casas Pimentel quixo independizarse dos seus pais, estes construíronlle unha casa en Visantoña, na que hoxe leva o nome de Rúa de Vicente Curros Parrado (quen fora alcalde do Concello de Santiso do 1910 ó 1912), con terras ao arredor suficientes para horta e xardíns. A edificación estaba cerrada por unha cerca de pedra que non deixaba ver o que pasaba no interior da vivenda.

Casou "Don Pepe" cunha muller da parte de Présaras pertencente a unha familia conforme á súa categoría socio-económica, como se levaba por entón. Mais foron tan difíciles as relacións deste matrimonio que ao pouco tempo a muller marchou de novo coa súa familia, quedando na casa unha moza que tiñan como serventa, coa que "O señorito" tivo cinco ou seis fillos.

Mais como este relato non quere ser o de publicar novas sobre a vida privada de ninguén, só direi que en canto á vida familiar e á relixión de "O torero", merecería un cero de cualificación. Pola contra, hai que resaltar o bo comportamento que tivo "Don Pepe" coa sociedade da que dependía, porque comezou os estudos de Medicina e, aínda que non acadou o título de Médico, si que exercía privadamente como tal, ben nunha pequena botica que tiña na súa casa ou trasladándose aos domicilios dos enfermos cando era requirido polos familiares.

Nunca cobraba nada en cartos pero si aceptaba os agasallos que en especias lle levaban os labregos, pois tiña unha familia e carecía doutros recursos para sostela. Dadas as dificultades que por entón había para trasladarse a Melide ou a Arzúa para ir ao médico, moitas veces cando se chegaba á consulta xa non había remedio. Neste caso el salvou varias vidas, como por exemplo a da que, pasados os anos, sería a miña sogra. Tiña unha grande infección nun peito e el curoulla totalmente.

Era moi afeccionado á caza pero só cazaba perdices, pois se se lle poñía a tiro un coello ou unha lebre non lle disparaba. Botaba días enteiros no monte e dicíase que para comer ao mediodía asaba unha perdiz nun lume que el facía. Pola tardiña pasaba moitos días pola nosa casa porque meu avó tiña o estanco e alí compraba tabaco. Viña arrodeado de perdices colgadas no cinto que a min me gustaba tocarlles. El dicíame: "que, gústanche as perdices Pepe?", e eu dicíalle que si.

Tiña un carácter serio e como ademais había aquel respecto polo señorío, a xente pensaba que era capaz de facer calquera cousa se era provocado. Nesa tesitura deuse o seguinte e curioso acontecemento: un home da aldea de Puñín, abriu tanto a boca que xa non era capaz de cerrala. Foron buscar inmediatamente "O señorito" e chegou este en poucos minutos. Unha vez examinado o enfermo, pregúntalle se non era capaz de cerra a boca e como lle contesta por señas que non, dille aos familiares alí presentes: "como este caso non ten remedio é mellor acabar dunha vez". Sacando unha pistola ponlle o canón na cabeza do enfermo, quen cerrou rapidamente a boca e desta forma quedou curado. Eu no podo certificalo porque non o vin, pero a nova correu de boca en boca, e nunca mellor aplicada a frase.

José Casas Pimentel (Pepe Casas)

Chiquitín

A parada no teu Camiño

Campionato de tute

* Almorzos
* Menú do día
* Especialidade en pulpo e carnes galegas
* Habitacións
* Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax.: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE
www.chiquitinmelide.es
info@chiquitinmelide.es

Anúnciate no

Cerne

CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM

981 50 61 88

info@asetem.com

AVOGADAS

ANA MATO SALGADO
R/ Xesús Carro, 15 - 2º
MELIDE

IRIA EXPÓSITO CAMBA
Praza de Sto. Domingo, 28 - 3º
LUGO

Tfls.: 671 833 425 / 605 27 02 82

Laboral • Penal • Herdanzas • Divorcios
Hipotecas • Cláusulas chan

IMPRENTA
Meligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

O temporal de vento, con refachos de 101 km/h, deixou a comarca a escuras

Algúns núcleos estiveron case 96 horas sen luz. Choveu máis nun día ca nos meses de decembro e xaneiro xuntos

O tren de borrascas que afectou a toda Galicia entre os días 2 e 5 de febreiro deixou tamén a súa pegada na Terra de Melide, que padeceu como peor das consecuencias cortes de subministro eléctrico que nalgúns casos chegaron a durar case catro días.

Neste sentido as zonas rurais dos catro concellos da comarca foron as máis golpeadas, con practicamente todas as parroquias afectadas. Os veciños de Belmil, no municipio de Santiso, estiveron sen luz dende o venres día 3 pola noite ata o martes día 6 pola mañá. Algo máis de 48 horas estiveron a escuras outras parroquias do concello como Pezobre, Ribadulla, Beigondo, San Román ou Visantoña, situada xusto a carón do embalse de Portodemouros, destinado á produción de enerxía hidroeléctrica.

Un panorama moi semellante foi o que deixou o temporal en Sobrado, con varios núcleos de poboación que estiveron tres días sen luz, como Anuqueira, Vallo ou Balvís. O propio núcleo urbano, Porta, estivo sen subministro durante 15 horas o día 4 de febreiro. A noite do venres para o sábado foi a que rexistrou máis incidencias no tendido eléctrico: "nese tramo quedou todo o mundo sen luz", explica o alcalde de Toques, José Ángel Penas, quen asegura que no seu concello o apagón foi total durante polo menos sete horas. O subministro foi volvendo progresivamente aínda que en moitas aldeas funcionaron durante dous ou tres días cunha soa fase e con limitacións de potencia que impediron desenvolver tarefas habituais da vida diaria. Foi o caso de San Martiño de Oleiros, en Toques, ou As Cruces, en Sobrado.

Segundo explica o rexedor deste último concello, Lisardo Santos, a raíz das conversas mantidas con Gas Natural Unión Fenosa, "as liñas que veñen de Portodemouros quedaron destrozadas. Comezaron a arranxar primeiro as de media tensión e despois as de baixa, o que explica que os pequenos núcleos se visen máis afectados polos cortes".

Refachos de 101 km/h

A falta de subministro foi consecuencia directa dos fortes ventos rexistrados, que segundo a estación meteorolóxica que Meteogalicia ten en Melide, a única na comarca, acadaron un refacho máximo de 101 km/h.

Outra das consecuencias foi a caída de árbores, que deixou como imaxe máis representativa a do piñeiro arrincado de raíz polo vento no colexio nº 1 de Melide. Foron moitas as pistas das aldeas e da parcelaria que quedaron sen paso por mor da caída de árbores e pólas. Tamén outras de máis entidade, como a estrada que comunica Visantoña con Arzúa, que estivo cortada ao tráfico.

O vento tamén provocou un accidente de circulación na N-547 ao seu paso por Melide, á altura do polígono industrial da Madanela. Unha estrutura de ferro invadiu a estrada e un vehículo chocou contra ela. Outro que pretendeu evitar o impacto acabou envorcando na cuneta. Non houbo danos persoais.

Intensas precipitacións

O temporal tamén veu acompañado de moita auga. Só o sábado 4 de xaneiro caeron en Melide 79,4 litros por metro cadrado, máis do que choveu durante os meses de xaneiro (31´6) e febreiro (32,2) xuntos. O río Furelos pasou de ter un caudal máximo de 5´8 metros cúbicos por segundo o 1 de febreiro a 135,3 metros cúbicos por segundo catro días despois. Desbordouse asolagando por completo unha vez máis á área recreativa de Melide e causando inundacións tamén nas cuadras dunha vivenda de San Martiño de Oleiros, en Toques. No casco urbano de Melide resultou especialmente afectado o almacén de Ferretería Noguerol, na circunvalación da feira, asolagado ao desbordárense os sumidoiros.

O embalse de Portodemouros pasou dunha ocupación do 33% ao 42,9%.

Estrada cortada pola caída dun pino na Graña (Visantoña)

Cartel sobre a estrada que une Melide e Toque por Furelos

Árbore arrincada polo vento na área recreativa do Furelos



En Melide un dos maiores danos provocados polo temporal produciuse no Colexio nº 1

Un clásico dos temporais, o río Furelos desbordado

MICROAUDIO
CENTROS AUDITIVOS DE MULTIOPTICAS

Solicita tu **REVISIÓN GRATUITA**

RE BAJAS

2 gafas mó
graduadas
con antirreflejante
77€

PVP recomendado. Hasta el 28/02/2017 llévate dos gafas (montura mó + lentes) con lentes graduadas monofocales orgánicas antirreflejantes Beslayt 1.5 AR, cilindro + 2, esfera + 2 a - 4 por 77€. Ambas gafas con la misma graduación. Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publicite. No acumulable a otras ofertas o promociones.

mó
:diseñadas para vivirlas_solo en MULTIÓPTICAS

Más de 1000 modelos

Ronda de A Coruña, 20
T. 981 505 199
*15800 **Melide** • A Coruña*

www.multiopticas.com

MULTIÓPTICAS
Tabora

REXCE ÓPTICA: E-15-001238
REXCE AUDIO: E-15-001241

Café - Bar
CAPRI

- HAMBURGUESA CAPRI
- ESPECIAL POLLO CAPRI
- SÁNDWICH DE POLLO
- BOCADILLOS
- PLATOS COMBINADOS

Rúa Galicia, nº 7 - MELIDE Tlf.: 981 50 74 59

ENTROIDO 2017 EN TO□UES

SÁBADO, DÍA 25 DE FEBREIRO 2017

A PARTIR DAS CATRO DA TARDE

NO PAVILLÓN DE SOUTO S/N

DESFILE E CONCURSO DE DISFRACES

CON IMPORTANTES PREMIOS (600€)

XOGOS DE ANIMACIÓN

DEGUSTACIÓN PRODUTOS TÍPICOS

Concerto e exposición de 140º aniversario

Comeza un ano especial para a Banda de Música de Visantoña, o do seu 140º aniversario, e comezan tamén os actos programados para celebralo. Un dos primeiros foi a participación no programa *Luar* da TVG, ata o que se desprazou a formación de Santiso o pasado 3 de febreiro para interpretar o Pasodobre Lugo Ferrol. No mes de marzo inaugurarase unha exposición con máis de 50 fotografías e instrumentos antigos na que se repasará a traxectoria da banda.

Selfie da banda intres antes da súa actuación no Luar da TVG

Noite de troula coa V Cea Gaiteira

Como xa é tradición dende fai cinco anos, o colectivo de gaiteiros da Terra de Melide volveu organizar a Cea Gaiteira o pasado 11 de Febreiro. A troula deu comezo ás 19:00 horas co percorrido musical polos locais da zona vella da vila. A continuación celebrouse a cea de fraternidade na parrillada Pilmar e despois a festa continuou no Pub Gatos cun concerto a cargo dos Minhotos. E para rematar a noite de troula cunha foliada.

Melide, punto de partida das concentracións de Vespas

Melide acolleu o pasado 29 de xaneiro a VII edición do InvernoVespa, un clásico que regresa todos os anos á vila por estas datas e que serviu para dar o pistoletazo de saída ás concentracións de scotters de Galicia. Baixo a organización do club Golfo Ártabro, a cita contou coa participación de trece clubs e máis de 100 moteiros/as que percorreron o centro da vila e os arredores mostrando exemplares modernos e mesmo algúns clásicos da décadas dos 50 e 60. O punto de partida da ruta foi o Pazo de Congresos, onde os participantes foron recibidos pola alcaldesa, Dalia García, e a edil de Traballo, Chus López.

Nerea Iglesias destaca en Marsella

A sala de esgrima do Concello de Santiso non deixa de recibir boas sensacións dos seus deportistas. A última en darlle unha alegría foi a tiradora Nerea Iglesias, que regresou de Marsella, onde se disputou o campionato internacional do Mediterráneo de esgrima, cun 5º posto baixo o brazo.

Iglesias, que participou en arma espada e na categoría M14, foi deixando atrás ás representantes de Exipto, Portugal e Francia ata que caeu no combate previo á loita polas medallas cunha contrincante xordana. "El nivel está ahí", destaca o seu adestrador, José Ayude, quen se amosa convencido de que axiña chegarán as medallas.

Tamén no que a esgrima se refire, Arzúa acolleu por primeira vez o pasado mes de xaneiro unha xornada da liga galega infantil nas categorías M10, M12 e M14 en espada e florete. Marcos Villamor foi 3º e Nahum Ayude 5º.

Liga Galega Infantil de Esgrima

Nerea Iglesias en Marsella

Melide presume de galego

Por terceiro ano consecutivo a mocidade de Melide entoou o "Eu presumo de galego" grazas ao festival do mesmo nome que organizou o IES o pasado 27 de xaneiro como parte das súas actividades de normalización lingüística.

As actividades comezaron no propio centro educativo cunha charla a cargo do vocalista e do guitarrista do grupo Zenzar que, segundo explican dende o IES "contaron as dificultades coas que se atopan á hora de facer rock en galego e de seguir ao pé do canón despois de 25 anos".

Pola tarde a sesión trasladouse ao Pub Gatos, onde actuou en primeiro lugar o grupo de Teixeiro *Nuada*, seguido de *Cuarta Xusta*, no que participan alumnos e ex alumnos do IES que "tiveron que facer varios bis ante un público entregado". O peche correu a cargo do grupo convidado, *Zenzar*, que deleitou aos presentes co seu rock comprometido.

Troiteiros "Río Furelos" programa máis de 20 actividades para 2017



A Asociación de Troiteiros "Río Furelos" comeza o ano con forza. Tanta que dende a xunta directiva aseguran que 2017 será "alucinante tanto polas actividades como polas melloras que se van a realizar". Entre elas están tres proxectos estrela longamente perseguidos que se farán realidade nos próximos meses: a construción dun refuxio de pescadores e dunha canle de alevinaxe nas Mazairas e a recuperación da mini presa dos Frades.

Entre as 21 actividades programadas está a XII edición do Campionato de Pesca Terra de Melide, que se celebrará o 8 de abril, as XIII Xornadas de limpeza do Furelos (26 de agosto e 2 e 9 de setembro), os talleres de montaxe de mosca e culleriña (nos sábados de outubro e agosto respectivamente), ademais dos innumerables labores de mantemento en diferentes tramos do couto do Furelos.

De todas elas e algunhas máis deuse conta na XV Asemblea da organización, que na actualidade suma 405 socios.

Concursos de disfraces e culinarios animarán o Entroido de Santiso

O Concello de Santiso proponse facer do Entroido 2017 un dos máis divertidos e participativos dos últimos anos. Con ese obxectivo, e tamén co de recuperar algunhas das prácticas máis populares destas datas, pon en marcha diferentes concursos aos que están chamados a participar veciños e veciñas de todas as idades empadroados no municipio.

Un deles, o organizado para escoller o deseño que ilustrará o cartel oficial das festas, xa está a piques de se resolver. Pechado o prazo para a presentación de propostas o pasado día 13, só falta agora que o xurado se pronuncie e escolla o traballo ganador, que recibirá un premio de 100 euros. Emitido o fallo, todas as pezas presentadas ao concurso serán expostas na antiga casa do Concello dende o 16 ata o 28 de febreiro.

Pero o prato forte aínda está por vir e chegará o domingo 26 a partir das 17:00 horas no pavillón polideportivo de Arcediago, lugar escollido para celebrar os outros dous concursos programados: un de disfraces e outro de doces típicos destas datas.

En ámbolos dous casos será requisito imprescindible para poder participar e optar aos premios cubrir unha solicitude de inscrición e presentala no rexistro do Concello antes do día 24 de febreiro ás 14:00 horas.

Concurso de disfraces

Serán dúas as modalidades de competición; individual e grupal, entendendo por grupo o conxunto de dúas ou máis persoas. Tamén dúas as categorías; infantil e adulto, entendendo por adulto a persoa que teña 13 ou máis anos.

Tendo claras estas cuestións, o resto será só cousa de humor e imaxinación. No concurso de disfraces o xurado, composto por representantes designados polo departamento de Cultura do Concello, valorará especialmente a orixinalidade do vestiario, o traballo feito á man, a maquillaxe, a simpatía á hora de involucrar ao público e o emprego de materiais de refugallo.

Os premios consistirán en cestas de produtos típicos do Entroido para os adultos e bolsas de doces para os nenos/as.

Concurso de doces típicos

No caso do concurso gastronómico haberá tres premios de 150, 100 e 50 euros respectivamente para os pratos máis sabedores. As especialidades en concurso son: filloas, orellas, flores e rosquillas. E como de seguro se fará a boca auga, ao remate haberá unha degustación popular dos pratos presentados.

Plagostel
NRS [0177-GAL-SPO]
seguridad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
698 163 399

PERFUMERÍA
LYSS

20º ANIVERSARIO

Marzo 2017

Un mes cheo de agasallos

Sorteamos 100 EUROS en vales polas túas compras

Celébrao con nós!

Ronda da Coruña, 44
MELIDE

Tlf: 981 50 76 84
lyss97@hotmail.es

HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE

Vilariño (San Breixo). Palas de Rei. 27203 Lugo
Telf.: 982 37 41 35 / Fax.: 982 37 40 98
Web: www.balnearioriopambre.com

Tu Boutik

Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide
(A Coruña)
Telf. 881 956 394

tuboutik@hotmail.com
tuboutik@blogspot.com

VISÍTANOS NO SALÓN DA VODA DE MELIDE
11 e 12 de MARZO

- Traxes de noivo e roupa de cerimonia
- Primeiras marcas do mercado
- Tallas especiais: Cabaleiro: 38 - 70
  Señora: 38 - 65

CASA CON NÓS
SALÓN DE VODAS NO CORAZÓN DE GALICIA



11 E 12 DE MARZO 2017
MELIDE

A marcha das mulleres

Iria Buxán, analista de mercado na Embaixada de España en Washington



Hai momentos na vida que case sen decatarse, reparas que estás a formar parte de algo único, histórico e necesario. Hai semanas participei na marcha da mulleres en Washington, D.C., o día despois da toma de posesión de Donald Trump como presidente dos Estados Unidos de América. O evento fóra creado por unha muller nas redes sociais para protestar contra a súa elección en novembro como un exercicio de dignidade e de resistencia a un candidato que representaba a volta á "normalización", entre outras, da misoxinia e o sexismo na esfera política. Ás poucas horas xa se tiña tornado viral e millares de mulleres e homes en todo o mundo sentían a necesidade de reivindicar e construír desde a igualdade, asumindo a loita desde a súa realidade local como parte da súa vida cotiá.

Interviñeron grandes personalidades do mundo do activismo, xurídico, da cultura e política, etc... O enfoque foi transversal e a participación masiva, porque o feminismo é esa idea revolucionaria de que as mulleres tamén son persoas, e que os dereitos das mulleres son dereitos humanos, e viceversa. O día da marcha houbo moitas consignas e unha delas dicía así: - "Os nosos corpos, as nosas escollas"- dicían as mulleres -" Os seus corpos, as súas escollas"- respondían os homes. A igualdade non se entende sen a solidariedade e a empatía de quen está na situación máis vantaxosa.

Non era a primeira vez que as mulleres nos uníamos para reivindicar os nosos dereitos. Todos os dereitos conquistados ata o momento en calquera ámbito da nosa vida, como o dereito ao voto, custaron moito. As conquistas non poden darse por gañadas, hai que seguir loitando porque dun día para outro poden verse ameazadas e desaparecer. Ver a Donald Trump co seu séquito masculino executando unha orde contra os dereitos reprodutivos das mulleres é un claro exemplo de que a resistencia debe formar parte do noso ADN. Se ben, a dimensión e alcance que tiveron estas manifestacións ao redor do mundo foron, con certeza, históricas e unha mostra de forza. A historia facémola nós e está nas nosas mans que as cousas muden. O pasar do tempo non mellora necesariamente a situación, falar do S.XXI como se todo estivese superado é unha distorsión da realidade que impide abordar as cuestións dunha forma honesta e eficaz. Existen avances e tamén retrocesos. É por iso que ese día se insistiu fortemente en facer un chamamento á unión e á organización para que isto sexa un cambio transformador e duradeiro en prol da igualdade.

NON ao abandono animal!

Alba Freire Varela, estudante

Segundo datos da FAPAM, Federación Animal de las Asociaciones de Protección Animal, en España son abandonadas aproximadamente 300.000 mascotas ao ano, unha cada tres minutos. Esta cifra aumenta a medida que pasan os anos, incrementándose cada vez máis o número de mascotas que deambulan pola rúa á espera de que alguén se pare e lle dea un agarimo ou algo co que poder alimentarse.

A maior parte das mascotas que son abandonadas sen piedade por parte dos seus donos son cans, cans que sobre todo se destinan á caza e que tras rematarse a época da mesma son abandonados en diferentes lugares, lonxe do seu fogar habitual, para que non poidan volver. Outra gran parte destes animais son abandonados no período das vacacións, xa que os seus donos prefiren sacrificar a vida dese animal con tal de "disfrutar" do período vacacional.

O aumento do número de mascotas abandonadas fai que as protectoras de animais estean desbordadas e que a maior parte delas se atope por encima da súa capacidade, sumándose a este problema a falta de financiamento, xa que o número de socios diminúe á par que aumenta o número de mascotas que teñen que depender destas institucións , ó cal se lle suma a falta de axuda por parte do goberno.

É hora de tomar conciencia sobre esta lacra que crea a sociedade, de pensar antes de actuar, de querer e de non abandonar. É hora de adoptar, adoptar a todas eses inocentes animais que non elixiron estar onde están, de dar cariño e de coidalos, de manifestarse en contra desta tortura e de esixir unha lei que trate con máis severidade este tipo de actuacións nefastas. Se es testemuña dun caso de abandono animal, non dubides nin un segundo en denunciar poñéndote en contacto coas autoridades correspondentes ou a través de asociacións animais.

Cho digo de veras

Vanessa Martínez Iglesias, xornalista



Se Pepa Pig falase galego posiblemente a Xunta de Galicia tería que investir menos diñeiro en campañas de promoción do idioma. Se os cadelos da Patrulla Canina estivesen ambientados nunha aldea galega, e falasen a cotío das cousas e costumes que se dan neste ámbito, non sería necesario que se explicase nun libro de texto as partes dun carro, o nome das árbores froiteiras, nin que os nenos aprendesen o idioma traducindo dende o castelán, coa distancia e o sentimento alleo de quen aprende un idioma estranxeiro.

Non é mellor nin peor falar galego nin castelán. Non é máis moderno, nin máis culto, nin más de aldea, nin máis de xente estudada. Pero hai un extraño comportamento en moitos pais e nais, galegofalantes de sempre, que se dirixen en castelán aos seus fillos, sobre todo en certos ámbitos máis "refinados". Desa maneira de proceder parece entenderse que teñen de menos que os seus fillos sexan coma eles, e non deixa de ser raro que unha cuestión tan libre como a escolla do idioma acabe xerando este tipo de complexos e dobres personalidades en quen está dando o exemplo coa crianza dun fillo.

A televisión, os primeiros debuxos animados condicionan o primeiro vocabulario e ata o acento dos rapaces. Tendo en conta a inmersión brutal no castelán que se está vivindo na actualidade cando comezan a escola (dío a realidade estatística), e que xa garante a aprendizaxe dese idioma, se cadra investir algo máis nunha Pepa Pig galega, e menos en spots millonarios nos que se fale do moito que fai a Xunta "para hablar el gallego", sería unha boa decisión. Claro que para iso, as persoas que deseñan as políticas lingüísticas deste país igual deberían saber poñer os pronomes cando falan pola televisión, e dicir "dixestes" e non "dixéchedes", ... e continuar falando galego cando se apaga o micro da televisión que os está grabando. Pero deso hai pouco. Foi por estes motivos polos que fixo máis polo uso do galego o Xabarín Club e o Sinchán (á marxe da idoneidade do seu contido), do que fixeron ducias de anos de folletos da Xunta e campañas de promoción, escritas cunha redacción castelá verquidas a un galego enlatado que só existe na cabeza de quen está pensando na subvención.

O que se cadra non podería explicar Pepa Pig con moita serenidade sería a tradición da matanza, e daquela habería que ir pensando no soño dun audiovisual galego propio...

RUBÉN PACIOR PÉREZ, PETELAR

“Coa nova fase da empresa poderemos producir en breve caldo de castañas”

Leva o negocio da castaña no sangue e a palabra “emprendedor” escrita na fronte, non só por sacar adiante un negocio sendo tan novo, senón porque del emana un inconformismo san que o leva a pensar constantemente en novos proxectos. E de todos eles fala cunha ilusión contaxiosa. Agora mesmo Rubén Pacior está embarcado na ampliación da súa nave do polígono da Madanela e no inicio dunha nova aventura empresarial que o levará a procesar e comercializar, ademais da castaña, produtos de fruticultura e legumes de todo tipo. No punto de mira xa está a exportación.

- A súa empresa, Rubén Pacior S.L., leva pouco tempo instalada en Melide. Haberá quen aínda non saiba a que se dedica...

-Rubén Pacior (R.P.): A nosa principal liña de negocio é a castaña en fresco. Mercámoslla ao agricultor e despois de realizar un proceso de calibrado enviamos o produto máis groso para o mercado e o máis pequeno para a industria. É moi sinxelo. A campaña dura só tres meses e recentemente decidimos ampliar o negocio para ter actividade durante todo o ano e darlle valor engadido á materia prima. Así foi como empezamos a fabricar marmelada de castaña, castañas en xarope, galletas, fariña e castañas deshidratadas. Todo iso sae da nave que construímos no polígono da Madanela. Dende o ano pasado tamén facemos grelos precocidos ao natural, envasados en lata, e ademais dedicámonos ao cogomelo.

Rubén Pacior nas instalacións que a súa empresa ten no polígono da Madanela

“Xa estamos tramitando os permisos para exportar a Brasil e ao norte de Europa”

“Este oficio gustoume dende pequeno a pesar de que durante a campaña se traballa moito”

- De onde é a castaña coa que traballan?

-R.P.: Maioritariamente de Galicia. De todos os xeitos mercamos en función dos tempos de maduración do propio produto. A castaña comeza a caer primeiro en Lugo e logo vai tirando para abaixo. Segue por Ourense e continúa polo norte de Portugal. Alí temos un punto de abastecemento moi importante. O sector está máis profesionalizado, houbo repoboamentos de castaños nos anos 90 e traballan de forma mecanizada. Unha soa familia pode recoller nunha semana 25.000 quilos. As últimas castañas da tempada son as de Extremadura e alí tamén compramos.

- A que mercados venden?

-R.P.: De momento vendemos en territorio nacional e exportamos castaña en fresco para Italia e Francia. Agora mesmo estamos tramitando os permisos para ir a Brasil, que é un mercado emerxente. É unha posibilidade que xa estamos estudando a través dunha asociación da que formamos parte. Tamén intentaremos colocar a castaña no norte de Europa. En España enviamos moito produto para Mercamadrid e Mercabarna, Bilbao, Asturias e Galicia; tanto a castaña crúa como os derivados que fabricamos aquí.

- Hai pouco que estrearon a nave da Madanela e xa a están ampliando. Que novos proxectos teñen en mente?

-R.P.: Estamos avanzando na nova fase da empresa, que vai enfocada a procesar e comercializar produtos de fruticultura e toda variedade de legumes. É un proxecto que nos permitirá sacar ao mercado novos produtos, como por exemplo caldo con castañas. Esa vai ser a novidade máis inmediata. Presentarémolo envasado en cristal e en lata de tres quilos, listo para quentar e consumir. Xa dispoñemos do instrumental necesario para facelo: unha autoclave e unha caldeira que acabamos de mercar. En cousa dun mes empezaremos coas probas e logo, a maiores do caldo, seguiremos experiementando. A nova maquinaria ofrécenos esa posibilidade e é o que debemos facer: probar para explotar todas as posibilidades que ofrece a castaña como produto gastronómico.

- Melide non é unha zona de cultivo da castaña. Por que o escolleron como sede dende a que expandir o seu negocio?

-R.P.: Nós somos de Monterroso e escollemos Melide fundamentalmente porque en pouco tempo vai pasar a autovía pola beira e quedaremos moi ben comunicados. Tamén hai que dicir que influíu a actitude do Concello, que nos axudou bastante. Axilizaron os trámites e non nos puxeron ningún obstáculo; vimos que había interese por facilitar que nos instalaramos no polígono.

- O seu co negocio da castaña vén de tradición familiar, non si?

-R.P.: Si, con isto comezou meu pai. Eu recordo de estar presente xa de pequeno cando se mercaba a castaña. A campaña duraba tres meses e cando acababa dábame pena porque ata o ano non se volvía facer ese traballo. Sempre me gustou a pesar de que durante a campaña se traballa moito e se dorme pouco. O ano pasado tivemos quince días nos que traballamos as 24 horas. En total procesamos case 2 millóns de quilos. Eu podo durmir só tres ou catro pero érgome activado, con ilusión e con ganas de traballar.

- Comercializan os seus produtos baixo o nome “Petelar”. Que significa?

-R.P.: Sacar a castaña do ourizo, debullar. A marca comercial creámola porque non me gustaba que aparecese o meu nome nos produtos. Non creo que quede moi ben ver nunha lata “grelos Rubén Pacior” (ri).

Rubén Pacior S.L.

Tlf: 627 53 24 35

A Madanela, parcela 102

¡¡ SORTEO COMUNIÓN!!

- SORTEAMOS 1 REPORTAXE DIXITAL* ENTRE AS COMUNIÓNS CONTRATADAS PARA 2017. ÚNICO REQUISITO CONTRATAR O EVENTO E ASISTIR O SORTEO.
- A FECHA LÍMITE PARA ENTRAR NO SORTEO É O 28 DE FEBREIRO.
- O SORTEO SERÁ O VINDEIRO 4 DE MARZO AS 13HRS. EN ATHENEA FOTO.

* INCLÚE ALBUM DIXITAL (30X30CM CON 32 PÁXINAS). 1 AMPLIACIÓN, TODO O MATERIAL EN BRUTO, E UNHA VIDEO-PRESENTACIÓN DA REPORTAXE.

ATHENEA
FOTO ESTUDIO

enderezo: Avda da Habana 3bj (Melide)
contacto: 881 95 90 84 - 634 752 656
email: atheneafoto@gmail.com